

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 3 de novembro de 2014.
HORA DE COMEZO: 20:10 h.
HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Rafael Soliño Costas e D^a Dolores Gallego Santos.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 13 E 20 DE OUTUBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 13 e 20 de outubro de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

Este punto foi retirado da orde do día.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

Este punto foi retirado da orde do día.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 42/2012

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 27.10.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 42/2012, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 42/2012

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Mendiña, nº 60-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución, iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un muro entre propiedades superficie aproximada 25 m.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Rosalía Bolívar Piñeiro, promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como, na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de

procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 42/2012.

4.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 26/2013

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 29.10.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 26/2013, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 26/2013

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Vilanova-O Hío, consistentes en: realizar un cerramento a base de columnas e postes de formigón e a instalación dun portal de 1,70 metros de alto.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 26 de maio do 2014 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, ordenanza de aplicación SNU-EN e non axustarse á licenza nº 23 805.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Juan Enrique Antón Rey, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación do día 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento

no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 26/2013.

4.C) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 34/2013

Dase conta de proposta do instrutor do día 28.10.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 34/2013, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 34/2013

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 21 de abril do 2014, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de 'Marítimo Rodeira, S.L., e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar da Cruz –O Espírito Santo-Coiro, obras consistentes en realizar unha vivenda unifamiliar de aproximadamente 65 m2., de soto, 65 m2., e baixo e 65 m2., de primeiro andar, sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que 'Marítimo Rodeira, S.L.', na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a imponer na súa contía 1250 €.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Imponer a 'Marítimo Rodeira, S.L., na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (250,00 €) (unha vez reducido o 80 %) por infracción ó ter cometido obras no lugar da Cruz-O Espírito Santo-Coiro, consistentes en realizar unha vivenda unifamiliar de aproximadamente 65 m2., de soto, 65 m2., e baixo e 65 m2., de primeiro andar.*

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 34/2013.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE-2014

5.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17/03/2014,

POLA QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE A SAMUEL GIMÉNEZ JIMÉNEZ

Dáse conta de proposta do día 30.10.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de prórroga para o ano 2014 de Samuel Giménez Jiménez, que é como segue:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 17/03/2014, POLA QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE A SAMUEL GIMÉNEZ JIMÉNEZ

ANTECEDENTES:

- 1.- *Samuel Giménez presentou o 30/12/2013 solicitude de renovación da licenza de venda ambulante da que era titular.*
- 2.- *Por resolución de Alcaldía de data 23/01/2014, requiríuselle co fin de que no prazo de 10 días, a contar desde o seguinte ao da notificación, achégase unha serie de documentos precisos para a renovación coa advertencia de telo por desistido da súa solicitude de non facelo así. Resolución que segundo consta no expediente non lle foi notificada o 24/01/2014.*
- 3.- *A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 17/03/2014, acordou ter por desistido ao interesado da súa solicitude de renovación, acordo notificado o 07/04/2014.*
- 4.- *Con rexistro de entrada no Concello de Cangas do 09/04/2014, o interesado presentou recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local citado, alegando que por erro se presentaran os documentos xustificativos das taxas por venda ambulante de 2014 e non os que se requirían correspondentes a 2013. Achegan ao seu escrito da acreditación do pago das taxas municipais de 2013.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra n9 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no

prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, o que fixo o interesado pero con deficiencias que deron lugar ao requirimento sobre cuxa correcta notificación se basea o presente recurso.

III.- Coa documentación que acompaña ao seu recurso acredítase que se cumpría cos requisitos necesarios para a renovación para o presente ano 2014.

IV.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

En atención ao anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición formulado por Samuel Giménez Jiménez e revocar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 17/03/2014, polo que se lle tiña por desistido da súa solicitude de renovación de licenza

SEGUNDO.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a Samuel Giménez Jiménez.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo cos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de prórroga para o ano 2014 de Samuel Giménez Jiménez.

5.B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17/03/2014 POLA QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE A DÉBORA JIMÉNEZ GIMÉNEZ

Dáse conta de proposta do día 30.10.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de prórroga para o ano 2014 de Débora Jiménez Giménez, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17/03/2014, POLA QUE SE DENEGA

*A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE
A DÉBORA JIMÉNEZ GIMÉNEZ*

ANTECEDENTES:

1.- Débora Jiménez Giménez presentou o 30/12/2013 solicitude de renovación da licenza de venda ambulante da que era titular.

2.- Por resolución de Alcaldía do día 23/01/2014 se lle requiriu co fin de que no prazo de 10 días, a contar desde o seguinte ao da notificación, achegase unha serie de documentos precisos para a renovación coa advertencia de telo por desistido da súa solicitude de non facelo así. Resolución que segundo consta no expediente non lle foi notificada o 24/01/2014.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 17/03/2014 acordou ter por desistido ao interesado da súa solicitude de renovación, acordo notificado o 31/03/2014.

4.- Con rexistro de entrada no Concello de Cangas do 09/04/2014, o interesado presentou recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local citado alegando que por erro se presentaran os documentos xustificativos das taxas por venda ambulante de 2014 e non os que se requirían correspondentes a 2013. Achegan ao seu escrito a acreditación do pago das taxas municipais de 2013.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé, no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, o que fixo o interesado pero con deficiencias que deron lugar ao requirimento sobre cuxa correcta notificación se basea o presente recurso.

III.- Coa documentación que achega ao seu recurso acredítase que se cumpría cos requisitos necesarios para a renovación para o presente ano 2014.

IV.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

En atención ao anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición formulado por Débora Jiménez Giménez e revocar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 17/03/2014, polo que se lle tiña por desistido da súa solicitude de renovación de licenza

SEGUNDO.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a Débora Jiménez Giménez.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo aos interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de prórroga para o ano 2014 de Débora Jiménez Giménez.

5.C) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17/03/2014 POLA QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE A ILMANE NDOYE MBAYE

Dáse conta de proposta do día 30.10.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de prórroga para o ano 2014 de Ilimane Ndoye Mbaye, que é como segue:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17/03/2014 POLA QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE A ILMANE NDOYE MBAYE

ANTECEDENTES:

1.- Ilimane Ndoye Mbaye presentou o 03/12/20134 solicitude de renovación da licenza de venda ambulante da que era titular.

2.- Por resolución de Alcaldía do día 23/01/2014 se lle requiriu co fin de que no prazo de 10 días a contar desde o seguinte ao da notificación achegase unha serie de

documentos precisos para a renovación, coa advertencia de telo por desistido da súa solicitude de non facelo así. Resolución que segundo consta no expediente non lle foi entregada ao interesado senón a Aidara Ndoye, irmán do anterior o 24/01/2014.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 17/03/2014 acordou ter por desistido ao interesado da súa solicitude de renovación, acordo que en ausencia do interesado novamente se tenta notificar ao seu irmán que desta volta se negou a recibir a notificación o 28/03/2014.

4.- Con rexistro de entrada no Concello de Cangas do 04/04/2014 o interesado presentou recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local citado alegando que por enfermidade do seu fillo tivo que ausentarse ao seu país, achega documentación acreditativa, e que por tal motivo non tivo coñecemento da reclamación de documentación, considerando que a notificación a un familiar, seu irmán Adidara Ndoye, non reúne as condicións para considerala correctamente realizada. Achega o escrito polo que interpuxo recurso de reposición da documentación requirida.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2014 (B.O.P da Provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé, no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas, foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, o que fixo o interesado pero con deficiencias que deron lugar ao requirimento sobre cuxa correcta notificación se basea o presente recurso.

III.- A notificación ao interesado ten por obxecto garantir que este, coma no presente caso, tivo coñecemento do contido da resolución que se dita e así cumprir coas disposicións desta. O certo é que tras analizar a documentación obrante no expediente cabe albergar dúbidas de que a notificación a Aidara Ndoye fose suficiente para ter o acto por notificado, polo que cabe atender ao recurso e retrotraer o procedemento ata ese momento da tramitación do expediente para garantir que non se vulneraron os dereitos do interesado. Dito o que antecede e a vista de que o propio interesado xunto co seu recurso presenta a documentación que lle fora requirida procede, estimando o recurso de reposición que presenta, outorgar a renovación para o ano 2014 da licenza municipal da que era titular.

IV.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

En atención ao anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición formulado por Ilimane Ndoye Mbaye e revocar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 17/03/2014, polo que se lle tiña por desistido da súa solicitude de renovación de licenza

SEGUNDO.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a Ilimane Ndoye Mbaye.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de prórroga para o ano 2014 de Ilimane Ndoye Mbaye.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
ANA Mª LIÑARES MANSILLA Cño.Figueirido, nº 2-12-L-Vigo-Pontevedra	FIANZA	1.154,17 €	LICENZA DE OBRA Nº 20.096

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DO CONCELEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/EXENCIÓN DO PAGO DA MATRÍCULA E COTA TRIMESTRAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA-CURSO 2014/2015

Dáse conta de proposta do día 30.10.14 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a exención do pago da matrícula e cota trimestral da Escola de Música para o curso 2014/2015, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE EXENCIÓN DO PAGO DA MATRÍCULA E COTA TRIMESTRAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA-CURSO 2014/2015

José Luis Gestido Porto, Concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Ilmo. Concello de Cangas, PROPÓN

á Xunta de Goberno Local a aprobación de:

1º.- Exención do pago da matrícula e das cotas trimestrais da Escola Municipal de Música do alumno H.M.F., en razón do informe social emitido pola traballadora Social do Concello de Cangas, que se achega a esta proposta.

2º.- Incorporar na vindeira revisión da ordenanza correspondente, a posibilidade de establecer a gratüidade da matrícula e das cotas trimestrais, en función dunha renda mínima de ingresos anuais."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda outorgar ao alumno H.M.F., indicado na proposta transcrita anteriormente, unha axuda de emerxencia social para o pagamento da matrícula e das cotas trimestrais da Escola Municipal de Música de Cangas.

B) COMUNICACIÓN DE BAIXA POR XUBILACIÓN DE PABLO SUEIRA MARIÑO

Dase conta do escrito de PABLO SUEIRA MARIÑO, no que comunica que é funcionario do Concello de Cangas, coa categoría de oficial de 1ª de sepultureiro e por dar por finalizada, o día 26.11.14, a súa vida laboral, solicita se lle tramite a xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, toma coñecemento da baixa

laboral por xubilación de Pablo Sueira Mariño no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente